



PROPOSTAS DIDÁCTICAS 8 DE MARZO



ACTIVIDADES 0-3 ANOS: COLABORAMOS PARA SUPERAR OBSTÁCULOS

Circuito de motricidade grosa. Agrúpanse en parellas mixtas (neno e nena cun nivel similar de desenvolvemento motor) ou grupos de 4 (dous que xa camiñen e dous que gateen ou camiñen con apoio, tamén mixtos).

Nenas e nenos colaboran na colocación dos obstáculos do circuito (marcado con cinta e pegadas no chan): coxíns, rulos, conos, aros, etc. Unha vez marcado o circuito trátase de axudar ao compañeiro ou compañeira a facer o percorrido para chegar á meta, utilizando as mesmas palabras de apoio, ánimo e felicitación. Repartir en quendas de igual duración a tarefa de recoller o circuito, así como a supervisión dos máis cativos.

ACTIVIDADES 3-6 ANOS: MULLERES DA NOSA CONTORNA

Esta actividade é colaborativa, a clase pode pescudar sobre as mulleres da súa contorna, que estean presentes na súa vida e que consideremos que romperon estereotipos de xénero coa súa labor profesional ou social. Por exemplo, policía, bombeira ou condutora de autobús.

Entre todo o alumnado e con axuda do profesorado, elaboraranse preguntas para facerlle ás mulleres elixidas. Despois, invitarémolas á clase onde poderán facerlle todas as preguntas. Serán xornalistas por un día.

ACTIVIDADES 6-9 ANOS: AS MULLERES DA MIÑA FAMILIA

Explicamos ao grupo clase os conceptos de igualdade, machismo e rol de xénero e asegurámonos con exemplos de que os comprendan ben.

Facemos un listado das mulleres da familia (bisavoa, avoa, nai) e as nenas e nenos preguntan ás súas familias como vivían, en que traballaban, como se divertían, etc. Poden engadir debuxos á súa información.

Para rematar a actividade compartimos na clase o que recolleron das súas familias e falamos da evolución das mulleres no seu modo de vida.

ACTIVIDADES 9-12 ANOS: BUSCANDO UN ÍDOLO

Divide en catro grupos ao teu alumnado e pídelles que busquen e apunten dous personaxes femininos e dous masculinos que admiren ou consideren como ídolos.

Coloca os personaxes na pizarra dispostos en dúas columnas, unha para os personaxes femininos e outra para os personaxes masculinos.

Abriremos debate ao redor da actividade que realizan, sobre as diferenzas que se evidencian, os valores que destacan en ambas columnas, as razóns que atribúen ás diferenzas e as expectativas que amosa a sociedade segundo sexas home ou muller.